

# OUTSIDE NOISE

Ted Fendt, 2021

# 927

ESTREA EN NUMAX: 06.05.2022 | V.O.S.E.

De volta de Nova York, Daniela non está segura do que vai facer. Polas noites non pode durmir. Visita á súa amiga Mía, que está rematando un máster en Berlín. Xunto con Natascha, que está pensando en mudarse a Viena, pasean e falan. Rodada en 16 mm, Outside Noise é un filme sobre a amizade que segue os seus encontros en Berlín e Viena durante varios meses.

«Hai algo de Eric Rohmer e Richard Linklater na espontaneidade da súa proposta»

Diego Batlle, OTROS CINES



## Entrevista con Ted Fendt: «Gústame fuxir da gramática novelada nos meus filmes»

Por Marco Cipollini

**Os teus filmes previos están gravados na periferia das cidades americanas, particularmente en Philadelphia, onde te criaches, namentres que *Outside Noise*, quitando unha breve secuencia de apertura en Nova York, ten lugar en Berlín e Viena. Por que esta escolla?** Inicialmente pensaba simplemente en facer unha curta en Berlín co personaxe de Daniela visitando a Mia. Cadrou que Daniela tiña que ir a Nova York e gravamos esa escena como unha especie de proba, coa idea de que o seu personaxe viaxase de volta a Europa e fixese unha parada en Berlín. Ao coñecelas a ambas axiña tiven a sensación de que tiñan algo especial para facer unha película con elas.

**Aínda que o filme se move entre as capitais de Austria e Alemaña o espazo mantén un certo grao de abstracción, case de anonimia. Isto parece resoar na frase expresada polas protagonistas de que non queren semellar turistas. Eu simplemente quería deixar que os lugares e as súas presenza falasen por si propias como imaxes proxectadas e evitar a gramática novelada. Sempre me parece condescendente cando un filme gravado nunha cidade europea comeza cunha paisaxe moi identificable para axudar ao público a se orientar. Ou peor, cun carteliño indicando o nome do lugar.**

**No seu continuo vagar, o filme xera unha diáletica entre os exteriores e os interiores que é o que realmente se intúe no título. Que representa para ti ese *ruído exterior*?** Creo que un título debe ser unha pista para o público e quería atopar un texto de significado aberto. Se cadra é algo pretenciosa a cita, pero o título vén do libro de Levinas *De l'existence a l'existant*, e máis en concreto do capítulo sobre o insomnio. Trátase dun dos libros, non identificables no filme, que le Daniela en Berlín.

**Como foi a escolla do elenco do filme, que te levou a escoller a Mia e Daniela?** As súas palabras e o xeito de dicilas. Cando as coñecín Mia faloume sobre os seus estudos e Daniela sobre o insomnio. Sentínme tan intrigado por elas que quixen facer un filme no que estas declaracións servisen de base para os seus personaxes ficcionais.

**Entre os diferentes personaxes que aparecen no filme atopámoste a ti mesmo. A escena da festa tivo moitos problemas de última hora. A nosa produtora, Isabella, fixo un traballo heroico organizándoa con pouco tempo e recursos, pero a maioría do material era descartable. Non daba con ninguén que puidese facer o papel dun home festeiro e algo molesto. No fondo da miña mente sabía que eu tiña representado ese papel na vida real e que podía volver facelo.**

**Cara ao remate, na escena na que Mia fala con Dainela sobre a súa tese, o etnólogo francés Arnold van Gennep fala dos rituais de paso e a fase liminal, conceptos que semellan resumir o estado de varios dos personaxes. Foi o traballo del unha influencia na elaboración do filme?** Queríamos unha escena con Mia falando sobre a tese que menciona ao comezo e realmente o contido do texto foi cousa súa. É fermoso que ti atopas esa conexión na escena porque non estaba así planificado pero atopou o seu propio lugar na estrutura do filme e creo que foi un acerto.